

Expediente núm.: 2/2018

Ordenanza Reguladora

Procedemento: Aprobación da Ordenanza Municipal Reguladora

Asunto:

Documento asinado por : O Alcalde

REGULAMENTO REGULADOR DA GRAVACIÓN E RETRANSMISIÓN DAS SESIÓNS DO PLENO

PREÁMBULO

Con carácter xeral as sesións do Pleno son públicas, no entanto pode acordarse por maioría absoluta o carácter secreto do debate e votación daqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o art. 18.1 da Constitución española de 1978, isto é á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, segundo dispón artigo 70.1 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, precepto que é reiterado no artigo 88.1 e 227 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986. A publicidade das sesións supón que calquera persoa pode asistir e presenciar o debate e votación, e esta publicidade debe ser real e efectiva, non meramente formal.

No exercicio da iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria, as Administracións Públicas, incluídas as entidades locais, actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia, debendo xustificar a adecuación deste Regulamento a eses principios.

En aplicación do principio de transparencia, autonomía local e as competencias que lle corresponden segundo o artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, este Concello considera necesaria a regulación do sistema das Gravacións e Retransmisións das sesións do Pleno.

Todo iso vén xustificar a adecuación da norma aos principios de boa regulación previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Cúmprese así a obriga desta Entidade Local de actuar consonte aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia.

ARTIGO 1. Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto regular a gravación e retransmisión das sesións, xa sexan ordinarias ou extraordinarias, do Plenario deste Concello, segundo o acordado O Pleno da Corporación.

ARTIGO 2. Fundamento Legal

En virtude do artigo 88 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, serán públicas as sesións do Pleno. No entanto, poderá ser secreto o debate e a votación daqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 da Constitución Española, cando así se acorde por maioría absoluta.

Para ampliar a difusión en audio e imaxe do desenvolvemento das sesións poderán instalarse sistemas megafónicos ou circuítos pechados de televisión, así como a súa transmisión en directo ou diferido a través da páxina web municipal ou por outro medio de comunicación.

O artigo 70.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, recolle tamén que as sesións do Pleno das Corporacións locais son públicas.

ARTIGO 3. Gravación das Sesións Plenarias

O sistema de gravación das sesións que se celebren polo Pleno da Corporación, xa sexan de carácter ordinario ou extraordinario, serán conforme as prescricións

legais vixente para garantir a su veracidade, dita gravación efectuarase polos Servizos Municipais, podendo retransmitirse en directo ou en diferido de contaren con medios suficientes para elo.

Pola Secretaria elaborárase a acta de cada sesión plenaria e remitírase a través de medios electrónicos aos membros do órgano colexiado. Dita acta reflectirá, en todo caso, os asistentes, a orde do día da sesión, as circunstancias do lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

Na acta constará o voto contrario ao acordo adoptado, as súas abstencións e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do voto favorable. Cada membro da Corporación ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa proposta, sempre que a achegue no acto da sesión, a reprodución textual da intervención debería entregarse, por escrito, a secretaria da Corporación no acto da sesión.

Cando se optou pola gravación das sesións celebradas ou pola utilización de documentos en soporte electrónico, deberán conservarse de forma que se garanta a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes.

En todo en caso, as gravacións realizaranse con respecto á normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e restante normativa que resulte de aplicación.

ARTIGO 4. Entrega e Custodia do Material Gravado

As gravacións só poderán realizarse dende os servizos municipais e serán custodiadas e gardadas pola Secretaría. En cada lexislatura as gravacións depositadas na Secretaría pasaran ao arquivo municipal, para a súa conservación e arquivo definitivo.

O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola Secretaría da autenticidade e integridade do mesmo, e cantos documentos en soporte electrónico utilizásenos como documentos da sesión, poderán acompañar a acta das sesións sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións. Desta forma, os Grupos Políticos Municipais poderán solicitar o seu acceso ás copias dos arquivos sonoros correspondentes cando así o soliciten.

ARTIGO 5. Condicións de Uso e Funcionamento

Os/As Concelleiros/as interesados/as en obter unha copia da gravación dirixiranse por escrito ou de forma verbal á Secretaría, a cal lles facilitará un duplicado previa firma do recibín da entrega.

Dado o carácter público das sesións do Pleno, a gravación será considerada como documento de carácter público e os particulares poderán solicitar copia mediante escrito dirixido á Alcaldía. Non será necesario acreditar a condición de interesado no expediente para acceder as referidas gravacións.

A solicitude por parte dos particulares de copia das gravacións terá un prezo público de 10,00 euros.

O abono do prezo público farase simultaneamente á petición da copia da gravación da sesión do Pleno da Corporación da que se desexa dispor, debendo incorporarse o xustificante do pago á solicitude, sen o cal, esta non se tramitará.

ARTIGO 6. Retransmisión da Sesión Plenaria

No caso de retransmisión das sesións do pleno, efectuarase polos Servizos Municipais de radio/circuíto (se existise), con que conte *A corporación/internet: paxina web municipal e/ou plataformas de streaming.*

Tamén habilitarase un espazo visible e facilmente accesible na web municipal no que aloxar as diferentes gravacións con indicación da sesión e data de celebración.

Os medios de comunicación que se atopen acreditados terán habilitados espazos que lles permitan desenvolver as súas funcións nas mellores condicións posibles.

Os medios de comunicación deberán acreditarse polo menos 24 horas antes da celebración do Pleno e dita acreditación será persoal e intransferible. Para acceder á acreditación de prensa, a persoa interesada deberá presentar orixinal e copia compulsada do carné de prensa oficial, carné do medio para o que traballa, ou carta de presentación do medio de comunicación oficial para o que desenvolve a súa función, achegando devanditos datos á Secretaría Xeral do Concello.

As retransmisións en directo radiofónicas e televisivas deberán ser facilitadas, previa a correspondente solicitude na que se indicarán os fins da gravación e medios a empregar, agás que a Presidencia entenda que existan razóns para a súa limitación, das que dará conta ao Pleno.

Ademais, entregará a gravación das sesións a calquera medio de comunicación ou persoa física que o solicite e que previamente acreditouse mediante documento elaborado ao efecto ante o/a secretario/a do Concello de A

Pobra de Trives, polo menos 24 horas antes da celebración das mesmas. O/a solicitante será responsable do uso posterior que das gravacións puidese darse

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

O presente Regulamento, unha vez aprobada polo Pleno do Concello, entrará en vigor aos quince días da súa publicación íntegra no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co artigo 65.2 en relación co artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.